

## CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS PRÁCTICOS EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “PROXEDIS-Cambre” DO CONCELLO DE CAMBRE 2022/2023

### INTERVEÑEN

Dunha parte, **D. Oscar A. García Patiño**, alcalde do Concello de Cambre (A Coruña), con DNI núm. \_\_\_\_\_ a representación legal que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistido da Secretaria da Corporación **Dna. Pilar María Pastor Novo**, no exercicio da función de fe pública, de conformidade co disposto no Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Doutra, **Dna. María del Carmen Barreiro Santos**, presidenta con facultades para a sinatura, con DNI núm. \_\_\_\_\_, en representación da entidade sen ánimo de lucro Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral, en adiante ASPACE, co CIF nº G-15031529 e domicilio en Casteliño núm. 24 CP 15160 Sada (A Coruña).

En cumprimento da resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico 2082/2022 de data 25/11/2022, pola que se aprobou o presente convenio, e tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 1.255 do Código Civil, no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación que ostentan, formalizan o presente convenio de colaboración.

### EXPOÑEN:

1.- Segundo se estipula no art.25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local o Concello de Cambre, en cumprimento das competencias e para a xestión dos seus intereses, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

2.- Conforme o establecido no artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, as administracións locais poderán concurrir a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que realicen con carácter conxuntural actividades de mellora da empregabilidade, entre outras.

3.- Asemade, segundo o establecido no art. 3 da lei 5/2014, do 27 de maio, non se entenderá como nova competencia a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e

formativas que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co establecido no art. 297 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

4.- Con data 1 de abril do ano 2022 o Concello de Cambre solicitou unha subvención ao abeiro da Orde do 21 febreiro do 2022 (DOG nº 46 do 08/03/2022), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia no 2022, para a posta en marcha do proxecto "PROXEDIS Cambre" para as anualidades 2022/2023.

Para o desenvolvemento deste proxecto, o Concello de Cambre formalizou preacordos de colaboración con seis entidades sen ánimo de lucro para que os/as traballadores/as, da especialidade formativa, "atención sociosanitaria de persoas dependentes en institucións sociais", realicen parte dos traballos prácticos nas súas instalacións. Por este motivo, e co fin de cumprir co establecido no proxecto é necesario a formalización dun convenio de colaboración coas entidades establecidas.

5.- A xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade na Coruña aprobou, mediante resolución do 29 de xullo de 2022 o financiamento para a posta en marcha do obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre" para a mellora da ocupabilidade de 20 alumnos/traballadores, na especialidade conducente a certificado de profesionalidade de nivel 2 "atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e autorizou como obxecto de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto a realización dos traballos na ocupación atención sociosanitaria a persoas dependentes na entidade ASPACE.

6.- É obxecto do presente convenio de colaboración, facilitar ao alumnado traballador participante no obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre" da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais", que se está desenvolvendo no Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre, a realización de traballo práctico na entidade sen ánimo de lucro ASPACE de Sada, para así acadar unha mellor cualificación profesional que favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

7.- A entidade ASPACE e unha entidade sen ánimo de lucro e ten, entre as súas actividades, a xestión dun centro enmarcado dentro do ámbito da dependencia de persoas do ámbito da atención á discapacidade e a prestación de servizos de atención sociosanitaria propios da mesma.

En virtude do exposto, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a realización de traballos prácticos de acordo ás seguintes:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O alumnado traballador que figura no ANEXO I, que se xunta ao presente convenio, desenvolverá a fase de traballos prácticos na entidade ASPACE, co CIF nº G-15031529 no centro de traballo situado en Casteliño núm. 24, CP 15160

Sada (A Coruña). O lugar de realización dos traballos prácticos será no centro indicado, salvo que por causa xustificada, e previo aviso das partes afectadas, se modifique o lugar de realización das prácticas profesionais. Cada cambio que se produza respecto do lugar efectivo de realización do traballo práctico será previamente comunicado. Faise constar que dita entidade ten licenza municipal e cumpre coa normativa de riscos laborais vixente.

**SEGUNDA.**-O traballo práctico dará comezo o día 16 de xaneiro do 2023, rematará o 28 de setembro do 2023 e será repartido en dúas quendas, a primeira quenda do 16/01/2023 ao 19/05/2023 e a segunda quenda dende o 25/05/2023 ao 28/09/2023, en cada quenda cambiará o grupo de alumnos traballadores de acordo ao anexo I. A estancia diaria do alumno traballador na empresa será de 7,5 horas diarias, adaptando na medida do posible o horario do seu contrato ao horario da entidade colaboradora. O tempo de realización dos traballos prácticos por parte do alumnado traballador non poderá superar o tempo que para tal efecto especifique o presente convenio, nin poderán estenderse máis alá da data prevista de finalización.

**TERCEIRA.**- O contido dos traballos prácticos axustarase ás funcións propias do oficio na ocupación "atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais", sinaladas no real decreto 1379/2008 do 1 de agosto regulador dos certificados de profesionalidade da familia profesional servizos socioculturais e á comunidade. O centro disporá dun documento ANEXO II, que se xunta ó presente convenio, no que figurarán as actividades máis significativas a realizar na entidade colaboradora durante a fase de traballos prácticos. O concello comprométese a facilitar unha titora que se fará responsable do traballador en prácticas, supervisando tanto os hábitos laborais como os coñecementos profesionais propios da ocupación establecendo reunións de seguemento no horario establecido polos tutores, e participará, na titorización, coa persoa asignada pola entidade colaboradora como titor/a do alumnado traballador.

**CUARTA.**- O alumnado traballador, que ten unha relación laboral co Concello de Cambre, non terá en ningún caso vinculación laboral coa entidade colaboradora.

**QUINTA.**- O Concello de Cambre ten formalizados contratos para a formación (dentro do obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre") con todo o alumnado traballador, e se atopa ó corrente de pago das cotas á Seguridade Social, así mesmo este concello ten subscrita unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte ós eventuais riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da realización dos traballos prácticos.

**SEXTA.**- O Concello de Cambre, como entidade contratante do alumnado traballador, comprométese a non reclamar á entidade colaboradora ningunha responsabilidade máis alá do reflectido expresamente no presente convenio.

**SÉPTIMA.**- O seguemento e avaliación do alumnado traballador no centro basearase no establecido na Orden ESS/1897/2013, do 10 de outubro no seus artigos 23, 24 e 25.

- O titor do concello que fará o seguemento do alumnado-traballador no centro será designado entre os formadores que impartan os módulos do certificado de profesionalidade.
- O titor da formación no centro de traballo será responsable de acordar co titor designado pola entidade o programa formativo deste módulo.
- O programa incluírá criterios para a avaliación, observables e medibles segundo o establecido no MD-FP-03 e o modelo capacidades e criterios de avaliación e contados establecidos para o módulo no certificado de profesionalidade que serán cubertos polo titor da entidade colaboradora.
- O seguemento e a avaliación do alumnado traballador realizarase conxuntamente polo titor do centro, que avaliará o traballo desenvolvido como apto ou non apto, e o titor do concello que velará polo cumprimento do programa e quedará reflexado documentalmente.
- Asinarase o Anexo VIII establecido na citada orde asinado polos titores do centro e do concello.
- A entidade asinará a certificación segundo o modelo establecido no artigo 25 da antedita orde.

**OITAVA.-** O alumnado traballador que se relaciona no ANEXO I do presente convenio, terá as seguintes obrigas:

- Cumprir co horario establecido.
- Coidar o equipamento, útiles e materiais postos á súa disposición por parte da entidade.
- Utilizar as medidas de seguridade e hixiene no traballo marcadas pola normativa vixente na ocupación.
- Someterse a os controles, probas e actuacións que o centro solicite de acordo á legalidade vixente
- Realizar as tarefas e funcións propias da ocupación, que determine o titor da entidade, e que están reflectidos no ANEXO II do presente convenio de colaboración.
- Cumprir coas labores encomendadas polos titores.
- Cumprir o compromiso de confidencialidade reflectido no ANEXO III.

O incumprimento dalgunha destas condicións, unha vez sometido á avaliación por parte do persoal da entidade, o persoal técnico responsable do seguimento do alumnado traballador, a dirección do obradoiro e a técnica municipal responsable do proxecto, poderá dar lugar a que a entidade prescinda dos servizos do alumno/a traballador/a, causando baixa no centro de traballo práctico.

**NOVENA.-** A entidade colaboradora comprométese a colocar un cartel identificativo do obradoiro de emprego en lugar visible. Este cartel será proporcionado polo Concello de Cambre. Así mesmo deberá poñer a disposición do traballador/a do Concello de Cambre unha zona específica habilitada como vestiario.

**DÉCIMA.-** O presente convenio de colaboración entrará en vigor o mesmo día da sinatura, e permanecerá vixente ata a finalización dos traballos prácticos na entidade.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** Ambas partes amosan neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose a levar a cabo cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento.

**DÉCIMO SEGUNDA.-** Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo ser comunicada, como mínimo, cinco días hábiles antes de iniciarse as prácticas.
- Incumprimento das cláusulas do presente convenio.
- Mutuo acordo das partes.

**DÉCIMO TERCERA.-** Poderán efectuarse modificacións ó presente convenio por mutuo acordo que se formalizarán mediante "addenda", logo da aprobación mediante a resolución correspondente.

**DÉCIMO CUARTA.-** Ó presente convenio xuntarase unha certificación da relación laboral do alumnado traballador que se relaciona no ANEXO I co Concello de Cambre.

**DÉCIMO QUINTA.-** O Concello de Cambre notificará á Inspección de Traballo unha relación do alumnado traballador que vai a realizar os traballos prácticos, as datas e os horarios a cumprir. Pola súa banda, a entidade colaboradora deberá notificarlo aos representantes legais dos traballadores.

**DÉCIMO SEXTA.-** De conformidade co establecido no art. 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen oa ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente convenio queda fóra do ámbito de dita lei, iso sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse (art. 4 de dita lei).

Non obstante, e dada a súa natureza administrativa, as partes que o subscriben quedan suxeitas á xurisdición contencioso administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

E para que conste, unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no exposto, asinando mediante sinatura electrónica recoñecida, acreditativa da integridade do documento asinado, así como da data e hora da sinatura.

POLO CONCELLO DE CAMBRE  
O ALCALDE  
Asdo: D. Oscar A. García Patiño

POR ASPACE  
Asdo: Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Barreiro Santos

A SECRETARIA XERAL  
Asdo: Dna. Pilar María Pastor Novo

## ANEXO I

### ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME: C. L. M. B.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO:
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (PRIMEIRA QUENDA) 16/01/2023-19/05/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

### ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME: B. S. L.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO:
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (SEGUNDA QUENDA) 25/05/2023-28/09/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

### ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME: P. F. M. C.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO:
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (PRIMEIRA QUENDA) 16/01/2023-19/05/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

FIRMADO POR Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 10/01/2023 11:28:00) , Mª CARMEN BARREIRO SANTOS (FECHA: 10/01/2023 12:39:00) ,  
 Pilar María Pastor Novo (FECHA: 10/01/2023 14:58:00)  
 Versión imprimible

CVD: hc7yNWYdaafed5bM8wsx  
 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIADOS E NOME: V. G. M. C.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO:
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (SEGUNDA QUENDA) 25/05/2023-28/09/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

## ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIADOS E NOME: G. R. M. R.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO: Cambre
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (PRIMEIRA QUENDA) 16/01/2023 – 19/05/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

## ALUMNADO TRABALLADOR EN PRÁCTICAS

DATOS PERSOAIS	
APELIADOS E NOME: L. V. M.	
D.N.I.:	TF:
DATA NACEMENTO:	MUNICIPIO:
ENDEREZO:	
PERIODO DE TRABALLO (SEGUNDA QUENDA) 25/05/2023 – 28/09/2023	SI / NON
SINATURA ALUMNO/A TRABALLADOR/A:	

## ANEXO II

### CONTIDOS DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS

<b>ENTIDADE</b>	ASPACE
<b>TITOR ENTIDADE</b>	B. V. L.
<b>PERIODO</b>	16/01/2023-28/09/2023
<b>HORARIO</b>	8:00-15:30
<b>HÁBITOS LABORAIS</b>	<b>ACTIVIDADES A DESEMPEÑAR</b>
Cumprimento do horario, puntualidade e asistencia	<p><b>Uso de documentación e protocolos no ámbito institucional</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización dos protocolos de actuación.</li> <li>- Transmisión da información correspondente ao usuario.</li> <li>- Rexistro das incidencias no documento correspondente e transmitir a información.</li> <li>- Utilización da documentación sociosanitaria correspondente a cada caso.</li> </ul>
Constancia no traballo	<p><b>Desenvolvemento de actividades relacionadas coa atención hixienico-alimentaria en institucións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización do aseo e hixiene corporal aos diferentes usuarios.</li> <li>- Prevención de úlceras de decúbito.</li> <li>- Realización de diferentes tipos de camas, seleccionando as roupas e materiais adecuados a cada situación.</li> <li>- Coidado das condicións ambientais e dos efectos persoais do usuario.</li> <li>- Alimentación por vía oral, utilizando os apoios necesarios.</li> <li>- Recollida das diferentes eliminacións (orina, heces e outras).</li> </ul>
Comportamento na empresa	<p><b>Atención socio-sanitaria en institucións:</b></p> <p>Respectando sempre o seu nivel de competencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación e rexistro da evolución funcional e as actividades de atención física.</li> <li>- Colaboración na toma de constantes vitales.</li> <li>- Administración de diferentes tipos de medicación.</li> <li>- Movilización, traslado e deambulación dos usuarios, empleando as axudas técnicas adecuadas.</li> <li>- Actuación ante diferentes situacións de emerxencia aplicando os primeiros auxilios correspondentes.</li> <li>- Emprego dos canais adecuados para comunicar á persoa responsable este tipo de incidencias en tempo e forma</li> </ul>
Coidado das instalacións, útiles e ferramentas de traballo	<p><b>Apoio psicosocial e de comunicación en institucións:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Habilidades sociais que favorezcan a integración do usuario.</li> <li>- Actividades de acompañamento ao usuario, atendendo ás características do mesmo</li> <li>- Colaboración na estimulación das capacidades intelectuais do usuario.</li> <li>- Fomento da autonomía persoal do usuario nas actividades diarias.</li> <li>- Utilización das axudas necesarias e adecuadas para mellorar a comunicación co usuario.</li> <li>- Sistemas de comunicación, habituais e alternativos: Utilización do linguaxe (tanto oral, como xestual ou por escrito) que se adapte ás características persoais do usuario (sexo, idade, nivel cultural, orixen).</li> </ul>
Utilización das medidas de seguridade, prevención de riscos laborais	<p><b>Integración e comunicación no centro de traballo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comportamento responsable no centro de traballo.</li> <li>- Respeto aos procedementos e normas do centro de traballo.</li> <li>- Interpretación e execución con dlixencia as instrucións recibidas.</li> <li>- Recoñecemento do proceso productivo da organización.</li> <li>- Utilización dos canales de comunicación establecidos no centro de traballo.</li> <li>- Adecuación ao ritmo de traballo da empresa.</li> <li>- Seguemento das normativas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.</li> </ul>
Hixiene no traballo	As propias estipuladas no convenio colectivo do sector e/ou entidade colaboradora
Acatamento de ordes e supervisión do traballo	
Atención, iniciativa e interese polo traballo	
Sentido de pertencencia a un equipo	
Sociabilidade	



## ANEXO III

### CONFIDENCIALIDADE

*Os alumnos/as Traballadores/as someteranse ao secreto de profesionalidade, mediante esta cláusula de confidencialidade, non podendo dar a coñecer a outras persoas e/ou entidades, datos, feitos existentes en ASPACE, nin durante o tempo de prácticas nin unha vez rematadas estas.*

*Aos efectos do establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), e da Lei (ES) 1/1982 de protección civil, dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxen, as partes asinantes comprométese ao cumprimento da súa obriga de protección, garda e segredo dos datos de carácter persoal que sexan utilizados con motivo do presente convenio e adoptarán as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, difusión ou acceso non autorizado.*